

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Regulamento para o establecemento e regulación do programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre

A corporación municipal en pleno, en sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2011, aprobou, con carácter inicial, o Regulamento para o establecemento e regulación do programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre.

Exposto ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase integramente a modificación do citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Regulamento para o establecemento e regulación do programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Administracións Públicas teñen a obriga de articular políticas destinadas a atender as necesidades específicas da xuventude, dando cumprimento ao establecido no artigo 48 da Constitución española que sinala que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural. Así mesmo, no artigo 43.3, manifesta que os poderes públicos facilitarán a axeitada utilización do lecer.

Cambre é un concello en constante crecemento, no que os menores de 30 anos suman un 33% da poboación, e no que a media de idade se sitúa en torno aos 37 anos (2011) na parroquia mais poboada.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que lle corresponde a competencia, entre outras, de fomento da cultura en Galicia, da promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer e a promoción do desenvolvemento comunitario.

O Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspasos de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, especifica no seu anexo I.B.3.h que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as competencias de promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico, artesanal, turístico e de aire libre, dirixidas aos sectores da xuventude, infancia, terceira idade e sectores marxinados. Estas competencias foron asumidas polo Decreto 146/1982, de 1 de decembro e incluía tamén o traspaso da titularidade das instalacións comprendidas na rede nacional de albergues xuvenís, residencias xuvenís, campamentos e campos de traballo. Finalmente, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

O Pacto Local de 1999 recollía a área de Xuventude coma unha competencia municipal, aínda que mentres que non se aprobe unha nova Lei de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), temos que basearnos no que nela ven referido a competencias municipais que poidan ter transcendencia en Políticas Xuvenís (no mesmo senso o artigo 80.2 n) da Lei 5/97, da Administración Local de Galicia): de forma directa no seu artigo 25.2, apartado m), cando establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de actividades deportivas, culturais e ocupación do tempo libre, ou ben de xeito transversal cando se fala noutros apartados da seguridade nos lugares públicos, protección do medio ambiente ou da salubridade pública, cooperación ca administración educativa ou prestación dos servizos sociais e promoción e reinserción social. Ademais, o artigo 28 da mesma Lei 7/1985 establece que os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas.

O “carné da OMIX” inspírase, na forma, no Carné Xove, aínda que no fondo garda importantes diferenzas; non é unha simple copia, a nivel local, senón que ten uns obxectivos que lle permite ser un excelente complemento ao Carné Xove, o que só repercute positivamente nos usuarios que teñen en común ambos programas.

O Carné Xove Europeo xurdiu do Protocolo Internacional do “Carné Xove”, subscrito en Lisboa no ano 1987, do que España forma parte, e no que se pretende ampliar a nivel internacional as vantaxes do Carné Xove. Ademais, no ano 2007, a XXIII Asemblea Xeral da Asociación Europea do Carné Xove (EYCA), celebrada en Barcelona, acordou o incremento de idade dos usuarios deste carné ata os 30 anos, debido sobre todo a dous factores determinantes: o incremento da media de idade para a emancipación, e a tardía incorporación da mocidade ao mercado laboral.

Todos estes datos (límite de idade dos usuarios e os factores que determinaron o incremento de idade dos usuarios) son compartidos por este concello, que tamén os utiliza para a creación do “carné da OMIX” engadíndolle, ademais, uns descontos maiores e un intervalo de idade nos usuarios moito maior, cos seguintes obxectivos:

1.- Favorecer a participación, mediante uns prezos públicos máis asequibles, en actividades xuvenís organizadas polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre e/ou as actividades doutros departamentos do concello.

2.- Fomentar a entrada da mocidade na dinámica de programas do Departamento de Xuventude-OMIX, buscando a fidelización do usuario/a.

3.- Establecer unha canle de comunicación co/a usuario/a de dobre dirección, pois posibilitaría a recollida das súas suxestións e a entrega de información, tanto propia como demandada, pola nosa parte.

Por Resolución nº 1.149 do 4 de xuño de 2010, creouse o “carné da OMIX”, e resolveuse comezar un período de probas para o seu uso e expedición, e iniciar os estudos para dotar este carné dun regulamento e un deseño específico.

Unha vez rematada a fase de probas, e co ánimo de facilitar a incorporación da xuventude ás actividades que o Departamento de Xuventude-OMIX do Concello de Cambre organiza para os usuarios empadroados neste concello, con idades de 7 a 30 anos, presentase este carné que recolle a un grupo de usuarios (7 a 11 anos) que, por razóns de idade, quedan excluídos das vantaxes que ofrece o Carné Xove (12 a 30 anos), o que ofrece un trato discriminatorio para actividades similares. Estas idades poderían parecer algo alonxadas dos usuarios propios dos departamentos de Xuventude, (mais centrados en usuarios/as de 12 ou 14 anos ata os 30 e, incluso os 35, segundo a tendencia actual) pero, ao contrario, é unha oportunidade moi boa para aproveitar a un usuario potencial que en poucos anos será o cerne no noso traballo.

Por todo o exposto, no exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización recollidas no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 6.1.a) da Lei 5/97, da administración local de Galicia, co presente Regulamento establécese e regulase o Programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre.

CAPITULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer e regular o programa “carné da OMIX” do Concello de Cambre, que nace coma un servizo mais do Departamento de Xuventude do Concello de Cambre e que o ofrece á xuventude do municipio para facilitar e fomentar a súa participación nos programas municipais propios dirixidos á mocidade.

Artigo 2. Destinatarios/as

Este programa establécese para a mocidade usuaria dos programas municipais, especialmente os programas xuvenís.

Artigo 3. Usuarios/as do carné

Poderán ser usuarios/as deste carné a infancia e mocidade de Cambre que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:

1. Ter unha idade entre os 7 e os 30 anos, cumpridos
2. Ser veciños/as de Cambre (estar empadroados no concello cunha antigüidade mínima de 1 mes).
3. Estar inscrito/a no FIPAX (Ficheiro de Participantes en Actividades Xuvenís)

Artigo 4. Características do carné

1. O Departamento de Xuventude será quen expida o carné.
2. O carné formalizarase nunha tarxeta segundo o deseño que se achega como Anexo I ao presente Regulamento. Será persoal e intransferible, sendo responsable do correcto uso da mesma a persoa titular.

3. Físicamente será do material e tamaño das tarxetas bancarias, e conterá os seguintes datos:

a. Anverso:

- Foto do usuario

- Espazos de texto:

1.- Titular: usuario-a que desfruta das vantaxes do carné

2.- DNI: tódolos titulares deberán ter o carné de identidade ou documento substitutivo

3.- Data de nacemento: a do titular. Serve para marcar, cando proceda, por incompatibilidade, a idade mínima ou máxima para ser posuidor-a do carné

4.- Caducidade: sinala o período de validez do carné. Isto pode interromperse de xeito inmediato cando se cumpran algúns dos supostos contemplados no apartado de BAIXAS

5.- Número de carné: indica o número de carnés feitos e identifica ao titular con citar só o seu número

b. Reverso:

- Texto e logos:

o Logos municipais

o Información xeral do Departamento de Xuventude (telefono, correos electrónicos, enderezo,.....)

Artigo 5. Ámbito territorial

O “carné da OMIX” só terá validez para as actividades deste concello, polo que o seu ámbito territorial será o Concello de Cambre e as actividades promovidas polo propio concello que así o contemplan.

CAPITULO II

DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS

Artigo 6. Modalidades, prezos e validez

1. O carné terá unha única modalidade para tódolos usuarios, independentemente da súa idade ou actividade na que se inscriban.

2. O prezo do carné establécese na Ordenanza Fiscal n.º 6 reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos.

3. O duplicado do carné, no caso de perda ou extravío do orixinal, terá o custo reflexado no citado Acordo Regulador. Só no caso de roubo (acreditado pola correspondente denuncia) poderase obter un duplicado grauíto.

4. A renovación do carné, unha vez caducado este, terá o mesmo custo que un carné novo.

5. A validez do carné será de dous anos dende a data de expedición.

Artigo 7. Vantaxes e dereitos

1. Desconto establecido nos Acordos Reguladores correspondentes.

2. Recibir, de xeito regular, información do Departamento de Xuventude, vía correo electrónico.

3. Facilitar as solicitudes e inscricións nas actividades e programas do Departamento de Xuventude.

4. Préstamo de material dispoñible (sacos de durmir, mapas, guías, etc...) para actividades.

Artigo 8. Uso do “Carné da OMIX” e descontos

1. O carné é persoal e intransferible, e só serve para o/a titular do mesmo.

2. Unha vez obtido o carné, poderase utilizar para obter importantes descontos. En xeral, nas actividades municipais que o admitan ou o contemplan e, en particular, nas actividades propias do Departamento de Xuventude, onde terá o seu maior aproveitamento.

O carné ofrece diferentes descontos segundo o departamento municipal responsable da actividade.

Para coñecer os departamentos que ofrecen eses descontos, así como a súa contía, deberase consultar os Acordos Reguladores correspondentes.

3. Para obter os descontos deberase presentar o orixinal no momento da inscrición e/ou cando así o solicite o persoal municipal.

CAPITULO III

PROCEDEMENTO DE OBTENCIÓN E BAIXA DO CARNÉ

Artigo 9. Procedemento de obtención

1. Cumprir os requisitos do artigo 3.
2. Presentar no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cumprimentada, a solicitude segundo modelo que se achéga como Anexo II ao presente Regulamento, acompañando copia do DNI ou pasaporte.
3. Satisfacer o prezo público ou taxa correspondente.
4. Comprobada a documentación presentada e, no seu caso, subsanados os defectos observados, ditarase resolución administrativa polo órgano municipal competente de concesión do carné da OMIX. Unha vez concedido, procederase a expedir o carné e a efectuar a entrega ao interesado no prazo máximo de 15 días a contar desde a data de presentación da solicitude, deixando constancia da mencionada entrega no expediente.

Artigo 10. Baixas no programa “carné da OMIX”

Os/as posuidores/as do carné causarán baixa automaticamente:

- a. Ao deixar de ser veciños-as (causar baixa no Padrón municipal) de Cambre.
- b. Por comportamento inapropiado nalgunha das actividades e programas xuvenís municipais (non respecto ás normas, etc...), previo informe emitido polo técnico municipal de Xuventude para o efecto.
- c. Ao superar a idade establecida de 30 anos.
- d. Por caducidade do carné.

Disposición final.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez que se teña publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985 de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I

Na cara de adiante terá unha imaxe de fondo por definir, cos logos do concello e do propio carné, así como un croquis ou mapa do municipio. Tamén constará dos datos identificativos esenciais (foto, DNI, nome e apelidos, etc...). Unha banda de cores, que identifica os programas xuvenís en consonancia ao calendario de peto que tódolos anos edita o departamento de Xuventude. Ademais constará o número identificador de cada carné. Esta parte, loxicamente, varía polos datos de cada quen.

Na cara posterior búscase algo fixo e inmóbil, idéntico para todos, polo que neste lado irán datos do departamento de Xuventude (correos electrónicos, teléfono, enderezo, etc...) que son datos que non cambian.

Isto é a base sobre a que se fará o deseño definitivo.

ANEXO II

DATOS DO/A SOLICITANTE carné da omix de Cambre		
Marcar cun x a opción elixida		
Novo membro <input type="checkbox"/>	Renovación <input type="checkbox"/>	Duplicado <input type="checkbox"/>
Apelidos		Nome
DNI/pasaporte	Data nacemento	Sexo
Enderezo		
Localidade	Provincia	Código postal
Teléfonos de contacto (fixo e móbil)		
Correo electrónico		
Ocupación	Estudos / Traballo	
Marcar a opción elixida Desexo recibir información xuvenil por parte do Concello de Cambre SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		

Consentimento do pai/nai/titor	
Nome e apelidos	
en calidade de	DNI
Sinatura	
	Sinatura do solicitante

En cumprimento da L.O. 15/1999, de Protección de Datos de Caracter Persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación desta solicitude, e a documentación que poida anexas a ela, van ser incorporados para o seu tratamento ao Ficheiro de Participantes de Actividades Xuvenís do Concello de Cambre. A recollida e tramitación dos seus datos teñen como finalidade realizar unha correcta xestión nas actividades nas que vostede participa, levar o rexistro de participantes nas actividades xuvenís municipais e remitirle información xuvenil do seu interese.

Ademais, coma interesado/a, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados na citada LO 15/1999, presentado a solicitude no rexistro Xeral do Concello de Cambre.

Cambre, 22 de marzo de 2011

O alcalde

Antonio Varela Saavedra